

HISTORIA DUN VECINDARIO

1209

Yasujiro Ozu, 1947

ESTREA EN NUMAX: 12.12.2023 | V.O.S.E. | 72 min

No Xapón da postguerra, un home atopa na rúa un neno perdido e lévao á súa casa, pero ninguén quere acollelo, nin sequera por unha noite. Finalmente, faino unha viúva de agre carácter. Ao día seguinte, a muller leva o neno ao seu barrio e averigua que o pai marchou a Tokyo e o abandonou.

«Indiscutible obra mestra»

Áurea Ruíz Villeta, CAIMÁN CUADENOS DE CINE



Carácter e expresións do rostro

Non abonda con que a expresión do rostro sexa boa. Non abonda con ter a habilidade de poñer unha expresión triste ou alegre, ou saber mover a vontade os músculos faciais. Iso é doado. Hoxendía no relativo ás expresións do rostro, aos actores xaponeses non lles falta absolutamente nada. Soe dicirse que os xaponeses somos pouco expresivos pero, cando menos os actores, non o son menos que os americanos. Iso si, non pode dicirse que sexan bos actores só porque dominen a expresión do rostro. Na miña opinión, non se trata diso.

O que conta é o carácter. Hai que captar o carácter do personaxe. Hai que expresar os sentimentos despois de ter captado o carácter. Se non se capta o carácter do personaxe e se tenta unicamente representar os seus sentimentos o único que fará o actor é mover os músculos da cara. Chorar cando se está triste ou rir cando un se divirte faino calquera, sexa actor ou non. Cando se trata de expresar un sentimento as expresións da cara supoñen un trinta ou corenta por cento.

O director non debe forzar os actores a que expresen un sentimento, máis ben debe contelos. Falamos da figura da señora “bonachona” de *Historia dun vecindario* (1947)? Porque aí Choko Iida entendeu perfectamente as miñas intencións. Tanto é así que non quixen afastarme do personaxe feminino que ela adoita interpretar. Que quero dicir con isto do carácter? Pois refírome á personalidade. A personalidade debe mostrarse, sen dúbida. Isto é ineludible en calquera tipo de expresión artística. Non abonda con que o rostro exprese unha emoción: ten que ter personalidade. E aínda que consiga controlar a expresión da cara ao cento por cento, con isto só non abonda para expresar o carácter. Dito claramente, a capacidade de expresar algo co rostro pode terminar por prexudicar a expresión do carácter.

É cuestión de contención. Fai falla expresar o carácter con contención. Henry Fonda en *Paixón dos fortes* (1946), por exemplo, deixa que o barbeiro o perfume, despois vémolos de pé, sen facer nada. Aí radica a gandeza de John Ford. Logo Fonda apoia os pés nun poste e comeza a abanear inclinando a cadeira cara a atrás, divertíndose. Envexo a conexión que existe entre Fonda e Ford. Non só nese filme, tamén n'*As uvas da ira* (1940) e n'*O mozo Lincoln* (1939). Algo similar sucede con William Wyler e Bette Davis que no seu cinema mellora tanto que parece outra persoa. N'*A loba* (1941) está de pé xunto ao marido moribundo e ponse a preparar unha cunca de té con aire indiferente, como se non pasara nada. Só se oíe o son da teteira e as cuncas. N'*A carta* (1940) tamén está estupenda.

Historia dun vecindario

Apenas volví da guerra, exhausto, a produtora esixíume que fixera axiña un novo filme. Escribí o guión en doce días. “Podes escribir un guión en tan pouco tempo?”, preguntáronme; pero eu respondín que só nesa ocasión, despois non sería así. O asunto foi que en Singapur vira máis filmes estranxeiros que en toda a miña vida. Houbo quen pensou que seguramente tería cambiado un pouco o meu cinema. Pero fixen *Historia dun vecindario* e sorprendéronse porque nada cambiara, porque eu seguía a ser testán como unha mula.

Textos de Yasujiro Ozu recollido de *La poética de lo cotidiano. Escritos sobre cine* (Gallo Nero: 2017)

Traducidos do español